

# Proposta descritiva dos principais pragmatemas empregados en kíkôngò (H16)<sup>1</sup>

## *Descriptive Draft of the Main Pragmemes Used in Kikongo (H16)*

Inocente Luntadila Nlandu

Universidade Agostinho Neto (Angola)

ORCID: 0000-0003-3180-8531

inocenteluntadila@gmail.com

**Resumo:** Este artigo ten por obxectivo describir o funcionamento e a estrutura dos principais pragmatemas empregados en kíkôngò, lingua bantú falada en Angola, Congo-Kinshasa, Congo-Brazzaville e Gabón. Para isto, recompiláronse máis de noventa pragmatemas empregados en expresións de saúdo e agradecemento, para expresar desexos, escusas, ordes ou súplicas, en interxeccións, prohibicións ou insultos, para despedirse, como toma de contacto, para pedir permiso e para lanzar cumprimentos. No que respecta ao seu funcionamento, chegouse á conclusión de que a metade dos pragmatemas preséntanse en formas verbais; outro 30 %, en locucións (verbais, nominais, adxectivas, adverbiais, pronominais, preposicionais e interxectivas) e o 20 % restante, en deverbais, interxeccións e outros termos primitivos. En termos de estrutura, existen pragmatemas tanto monolexicais como polilexicais, mentres que outros constitúen unidades frásticas. Os monolexicais, como *yoyo* ('adeus') ou *nkenda* ('piedade'), representan o 25 % do total dos pragmatemas. A mesma porcentaxe abrangue os polilexicais, como *kana ngi*, *kana nga* ('como actuar en caso de emerxencia?') ou *mankaka nkanu* ('tabú'). O 50 % restante corresponde aos pragmatemas frásticos, como *ka mantadidi ko!* ('dáme igual') ou *kala ye ngangu* ('estate atento ou atenta'). Estes resultados amosan que, en xeral, os pragmatemas en kíkôngò son unidades frásticas empregadas en situacións moi concretas e que resultan familiares a todos os individuos interlocutores.

**Palabras clave:** pragmatema, frasema, monolexical, polilexical, unidade frástica, kíkôngò.

**Abstract:** *This article seeks to describe the functioning and structure of the most frequent pragmemes used in Kikongo, Bantu language spoken in Angola, Congo-Kinshasa, Congo-Brazzaville, and Gabon. More than ninety pragmemes used for greetings, expressions*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 23.10.2023. Data de aceptación: 24.07.2024.

Tradución feita por Sara Millor Costas.

*of gratitude, desires, excuses, commands, pleas, interjections, prohibitions, insults, farewells, greetings, to ask for permission, and to give compliments have been analyzed. In terms of functioning, we have concluded that half of the pragmemes are present in verbal forms. Another 30 %, in phrases (verbal, nominal, adjectival, adverbial, pronominal, prepositional, and interjectional). The remaining 20 % are found in deverbals, interjections, and other primitive terms. Regarding the structure, some pragmemes are monolexical, others are polylexical, and others constitute phrasal units. Monolexical pragmemes, such as yoyo ('goodbye') or nkenda ('pity'), represent 25 % of the total pragmemes. Similarly, polylexical pragmemes, such as kana ngi, kana nga ('what to do in case of emergency?') or mankaka nkanu ('forbidden truth'), constitute another 25 %. By contrast, phrasal pragmemes, such as ka mantadidi ko! ('I don't care') or kala ye ngangu ('be alert'), account for 50 %. These results suggest that pragmemes used in Kikongo are, broadly, phrasal units used in very specific situations and familiar to all interlocutors.*

**Keywords:** *pragmeme, phraseme, monolexical, polylexical, phrasal unit, Kikongo.*

## 1. Introducción

Nas interaccións sociais, a lingua actúa como medio de intercambio de ideas e impresións por parte dos individuos interlocutores, que, con frecuencia, recorren a expresións idiomáticas para saudar, eloxiar, mandar, avisar de algo, pedir permiso etc. Algúns exemplos son: *kyese mu kuzaya ngeye* ('encantado ou encantada de coñecerte'), *te dyambote!* ('que aproveite!'), *mu lutumu lwaku* ('ás túas ordes'), *ka wawu ko?* ('certo?'), *lutoma kwenda* ('que vaia ben'), *yoyo!* ('ata pronto!'), *lanangini* ('que pases boa tarde'), *nkenda zame!* ('o meu máis sincero pésame') ou *katumonana dyaka ko!* ('adeus').

O kíkôngò é unha lingua bantú da familia nixero-congolesa (Ndonga 2011: 167) falada en Angola (nas provincias de Zaire, Uíge e Cabinda), na República Democrática do Congo (nas provincias de Kongo Central, Kwango e Kwilu), na República do Congo (nas rexións de Pool, Bouenza, Niari, Lekoumou e Kouilou) e en Gabón (Ngounié e Nyanga). Este artigo abrangue os frasemas pragmáticos empregados no dialecto kisikongo, falado en Mbanza Kongo e Angola. Máis concretamente, aqueles pragmatemas que os kongófonos empregan nas diferentes situacións comunicativas do seu día a día. Estes son de carácter fraseolóxico, xa que permiten expresar un sentido (condicionado pola situación comunicativa na que se expresa), e poden presentar variantes.

Este artigo pretende responder ás seguintes cuestións: como funcionan os pragmatemas en kíkôngò e cal é a súa estrutura. Para enumerar e describir os pragmatemas máis comúns, tomarase como referencia un corpus informatizado onde se rexistran expresións idiomáticas clasificadas como pragmatemas. Este corpus comprende documentación de todo tipo, como entrevistas coas persoas informantes, conversacións ou fragmentos musicais. Todas son falantes nativas de kíkôngò cunhas competencias literarias iguais ou superiores ao bacharelato, a maioría residentes en Angola. A recompilación dos datos ocorreu entre os anos 2020 e 2023. Trátase dun corpus informatizado baixo MS ACCESS, o que permite consultalo, editalo, clasificalo, analízalo e actualizar os datos.

## 2. Marco teórico

Este artigo encádrase nun marco fraseolóxico, xa que o seu obxecto de estudo é a descrición de frasemas pragmáticos. Mentres que o termo *fraseoloxía* se atribúe a Charles Bally, foi Igor Mel'čuk quen propuxo unha clasificación das diferentes combinacións lexicais (Mel'čuk 1995: 2008). O marco teórico escollido para este artigo é a teoría sentido-texto de Mel'čuk sobre a noción de *frasema*, que define como «un conxunto de expresións lexicalizadas, como expresións idiomáticas, locucións e outras unidades lexicais compostas de varios termos» (Mel'čuk 2011: 3). Esta teoría diferencia dous tipos de frasemas: os paradigmáticos e os sintagmáticos. Entre os primeiros, atopamos frasemas lexicais e semántico-lexicais, mentres que os segundos frasemas son composiciónais e non composiciónais. Os pragmatemas constitúen frasemas semántico-lexicais composiciónais. O autor X. Blanco (2013: 11) concibe o pragmatema como unha unidade frástica. Así mesmo, concordamos con C. González Martín (2020: 115) cando afirma que os pragmatemas son enunciados formulados en situacións comunicativas concretas. A comunidade falante nativa dunha lingua non é consciente de ata que punto os seus intercambios comunicativos lle afectan. No referente á estrutura dos pragmatemas, M.<sup>a</sup> González-Rey (2023: 60) enumera as seguintes características formais:

- (1) unidades minimalistas;
- (2) palabras simples;
- (3) locucións;
- (4) frases completas.

Tendo en conta estas características, concordamos con X. Blanco (2025: 17) cando afirma que un pragmatema pode ser un frasema ou, con menor frecuencia, un lexema.

## 3. Descrición dos pragmatemas

A continuación, describiranse algúns dos pragmatemas máis comúns, reagrupándoos en distintas clases. Son pragmatemas empregados en diversas situacións comunicativas como, por exemplo, para saudar, agradecer a alguén ou lanzarlle cumprimentos. Preséntanse na seguinte orde: o pragmatema ou lexema en kikôngò seguido da súa tradución literal entre parénteses e, no caso de diferir, a súa tradución literaria. En último lugar, coméntase o pragmatema.

### 3.1. Fórmulas de saúdo

O pobo kongo outorga unha grande importancia ás fórmulas de saúdo. De feito, esta práctica consta de diferentes etapas en función do momento do día (mañá, tarde ou serán) e o nivel de afinidade dos individuos interlocutores.

### 3.1.1. Pola mañá

Para saudar pola mañá, emprégase o verbo *sikama*, que significa ‘erguerse’, nas súas formas conxugadas. Xeralmente, presenta unha forma interrogativa do verbo en pasado en segunda persoa do singular ou do plural: *osikamene?* (en singular: ‘espertaches?’, ‘bo día’) ou *lusikamene?* (en plural: ‘espertastes?’, ‘bo día’). Para o pobo kongo, este saúdo matinal amosa un interese polo benestar dunha persoa que acaba de despertar tras unha noite de sono que se presume longa.

### 3.1.2. Pola tarde

Nas horas que suceden ao mediodía, emprégase o verbo *nanga* (‘manterse, permanecer’) para interesarse polo estado da outra persoa ata ese momento do día: *onangini* (en segunda persoa do singular: ‘como levas o día?, ‘boa tarde’) ou *lunangini* (en segunda persoa do plural: ‘como levades o día?’, ‘boa tarde’). Tamén neste caso, as formas verbais en pasado poñen de manifesto a anterioridade da acción respecto do momento da fala.

### 3.1.3. Ao serán

Para esta franxa temporal, non se atoparon pragmatemas específicos, senón, máis ben, expresións comúns que actúan como formas xenéricas de saúdo. É o caso de *kyambote* (‘ben’, ‘ola’), *una kyambote?* (‘como estás?’, ‘estás ben?’) e a súa forma de plural *luna kyambote?* (‘como estades?’, ‘estades ben?’) ou *aweyi?* (‘que, como estás?’). Outros exemplos son: *ovimpi?* ou *mavimpi?* (‘saúdos’, ‘ola’), *tomene syama?* (‘atópaste ben?’, ‘como estás?’) e a súa forma de plural *lutomene syama?* (‘atopádesvos ben?, ‘como estades?’), *kolele?* (‘estás en forma?’, ‘como estás?’) e a súa forma de plural *lukolele?* (‘estades en forma?’, ‘como estades?’) ou *nkya nsangu?* (‘que hai de novo?’, ‘como estás?’, ‘novidades?’).

Como podemos comprobar, a diferenza dos apartados anteriores, estas fórmulas funcionan en calquera momento do día. A miúdo, son formas conxugadas de verbos como *syama* (‘gozar de boa saúde’), *kala* (‘estar’) ou *kòla* (‘estar en forma’).

## 3.2. Agradecementos

O kíkôngò ofrece un amplo abano de expresións de agradecemento, por exemplo: *ntondele* e o seu plural *tutondele* (‘agradecemoscho’, ‘grazas’). Ambas derivan do verbo *tonda* (‘agradecer’), que se emprega para amosar a nosa gratitude a quen nos fixo ben. *Matondo* (‘o meu agradecemento’, ‘grazas’) é un deverbativo do verbo *tonda*, que tamén está presente en pleonasmos como: *funda dya matondo!* ou *matondo mingi!* (‘grazas mil!, ‘moitas grazas!’).

Ademais do verbo *tonda*, existe o verbo *fyawuka* ('estar agradecido', 'estar agradecida'), que expresa gratitude. Atopámolo en expresións como *mfiyawukidi* ou *ntomene fyawuka* ('estouche [moi] agradecido ou agradecida', 'grazas') e nas formas de plural *tufyawukidi* e *tutomene fyawuka* ('estámosche [moi] agradecidos', 'estámosche [moi] agradecidas', 'grazas').

A forma conxugada emprégase en primeira persoa do singular ou do plural en función do número de falantes e de se expresa unha única opinión persoal ou, pola contra, fala en nome de varias persoas.

### 3.3. Desexos

Para expresar desexos, o kikôngò conta con múltiples fórmulas, moitas das cales se poden empregar indistintamente para expresar unha mesma idea. Poden formularse en calquera momento do día, xeralmente a familiares ou persoas achegadas, e son os seguintes:

*Lumbu kya mbote!* ('bo día!', 'que teñas un bo día!') pode empregarse en calquera franxa horaria antes do solpor. Unha vez isto acontece, son propias outras formas como: *fuku wambote!*, *mpimpa ambote* ('boa noite!'), *toma leka* ('que durmas ben') e o seu plural *lutoma leka* ('que durmades ben'). Outra variante sería *tulu twambote!* ('que descanses', 'que pases unha boa noite').

Se alguén está de aniversario: *lubutuku hwa mbote!*, *mbutuku ya mbote!*, *lumbu kya lubutuku kya mbote!*, *lumbu kya mbutuku kya mbote* ('feliz aniversario!', 'parabéns!') ou *ngutuka ambote* ('feliz aniversario' ou, tamén, 'bo Nadal').

No que respecta a outras festividades, atopamos formas como: *mvu wampa wambote* ('feliz Aninovo!', 'boas festas!'), *nkinzi ambote* ('boas festas!'), *toma kembila* ('que desfrutes!') e o seu plural *lutoma kembila* ('que desfrutedes!').

Comprobamos que, cando se trata de festas e celebracións coñecidas, a idea de festa se corresponde en kikôngò co verbo 'desfrutar'. Concíbese, polo tanto, como un momento de gozo.

Tamén existen outro tipo de cumprimentos, como *toma wa* ('que desfrutes [de escoitar algo]') e o seu plural *lutoma wa* ('que desfrutedes [de escoitar algo]'). Desexamos que o individuo receptor desfrute escoitando algo nun contexto de entretemento ou comunicativo. Neste caso, a relevancia do asunto que se vai tratar require especial atención.

Na expresión *mvundilu ambote* ('que descanses!'), o substantivo *mvundilu* ('descanso') deriva do verbo *vunda* ('descansar'). Refírese a calquera tipo de repouso que resulte beneficioso e reparador.

No xantar, dicimos: *te dyambote!* ('que aproveite!') Cando degustamos un prato, a saliva que desprendemos ao tragar permítenos apreciar o sabor da comida. En kikôngò, o termo *te* (en plural, *mate*) transmite a idea de que, grazas á saliva, podemos deleitarnos. A expresión «boa saliva» tradúcese por 'bo apetito' ou 'que aproveite'. A continuación, outras expresións empregadas para desexar un bo apetito: *toma dya* ('que comas ben', 'que aproveite!'), *lutoma dya* ('que comades ben, 'que aproveite!'), *toma yukuta* ('que desfrutes da comida', 'que aproveite'), *lutoma yukuta* ('que desfrutedes da comida', 'que vos aproveite'), *ludyeno bwa mbote!* ('a comer!', 'que aproveite!').

Tamén é común optar por outras formas verbais como *dya*, que significa 'comer', ou *yukuta* ('satisfacerse' ou 'desfrutar') para transmitir unha idea de pracer e bo apetito. Comer permite «recargarse» ou repoñer forzas, e este é o efecto que desexamos na nosa persoa interlocutora ao empregar algunha das devanditas expresións.

Cando alguén marcha ou se dispón a emprender un traxecto, son frecuentes formas como: *wenda kyambote* ('que vaia ben', 'boa viaxe'), en plural, *lwenda kyambote*, ou a súa variante *lutoma kwenda* ('que [vos] vaia ben', 'boa viaxe').

Se observamos as traducións, comprobaremos que, neste caso, se trata de expresións propias dos momentos previos á partida, ben sexa dunha ou varias persoas. Se, pola contra, estamos ante alguén que acaba de chegar ao seu destino final e o que queremos é darlle a benvida, empregariamos un verbo auxiliar e outro principal. Por exemplo, o verbo *toma* ('ser correcto ou axeitado') funciona como verbo auxiliar que acompaña o verbo principal; neste caso, *lwaka* ('chegar'). Atopámolo en expresións como: *tomene lwaka* ('chegaches ben!', 'benvido', 'benvida') e o seu plural *lutomene lwaka* ('chegastes ben!', 'benvidos!', 'benvidas!').

Se o que queremos é desexarlle boa sorte a alguén, diremos: *dibaku dya mbote* ('a empezar con bo pé', 'que saia todo ben', 'que teñas boa sorte'). Se ben estas expresións adquiren connotacións positivas, tamén existe o caso contrario. Outras, como *dibaku dya mbi* ('que mala pata', 'que mala sorte!'), empréganse cando alguén nos fai partícipes dunha mala noticia.

Se o noso desexo é que alguén que afronta problemas de saúde se recupere, podemos optar por alternativas como *toma sasuka* ('recupérate axiña', 'que teñas una pronta recuperación'), en plural, *lutoma sasuka* ('recuperádevos axiña', 'que teñades unha pronta recuperación') e outras variantes co mesmo significado, como *sasuka nswalu* (sing.), *lusasuka nswalu* (pl.), ou, simplemente, *sasuka* (sing.) ou *lusasuka* (pl.).

### 3.4. Desculpas

Para pedir desculpas, emprégase o termo *dodokolo* ('perdón, desculpa', 'perdón, desculpade'), que deriva do verbo *loloka* ('perdoar') e denota arrepentimento. É posible que o preceda unha fórmula de cortesía, como en «por favor, perdóame». Outras formas de pedir favores ou incluso suplicar serían *wundemvukila* ('ten piedade de min!', 'descúlpame!'), lexema derivado do verbo *lemvukila* ('ser benevolente'), ou *wunsila nlemvo* ('faime o favor', 'perdóame!').

### 3.5. Ordes

Vexamos, a continuación, formas imperativas para ordenar ou impoñer algo cando un ambiente de alboroto obriga a persoa que está ao cargo a restablecer a orde: *pii!* ('cala!', 'silencio'), *kala na pii* ('está calado', 'está calada', 'silencio!') e o seu plural *lukala na pii* ('estade calados', 'estade caladas', 'silencio!').

En caso de discrepancia ou dúbida persistente, poderíamos optar polo lexema *widi?* ('entendiches?', 'de acordo?'), forma conxugada de *wa*, que significa 'entender'. É un xeito de impoñer a nosa opinión e dar por concluída a discusión.

Outras formas imperativas para propiciar unha saída inmediata serían *ndolo kweto!* ou *nda wenda!* ('veña, vamos!', 'imos!').

### 3.6. Súplicas

En caso de perigo ou se precisamos axuda dun terceiro, podemos optar por *wunsadisa!* ('axuda!'), forma conxugada do verbo *sadisa* ('axudar'). Tamén existen outras variantes como: *lusadisu* ('axuda!', 'socorro!'), que provén de *sadisa*, ou *mfwidi* ('vou morrer!', 'axuda!'), do verbo *fwa* ('morrer'), se o que precisamos é lanzar un grito de axuda.

### 3.7. Interxeccións

As interxeccións en kikôngò conforman un amplo abano de frases en función do matiz que se queira transmitir:

#### 3.7.1. Interxeccións de sorpresa ou conmoción

Xeralmente, adquiren unha connotación negativa. A expresión *e mbadi!* ('vaia', 'ai', 'pobre de min!') é unha das máis frecuentes se o que buscamos é manifestar a nosa desaprobación respecto á cuestión que nos atinxe. Por outra parte, *e ko mono!* ('pobre de min!', 'que mala sorte a miña!') denota sorpresa, aínda que tamén pode transmitir unha visión de futuro pesimista. É de uso común cando unha situación nos supera ata o punto de facernos sentir impotentes. Se o que queremos é manifestar unha queixa ou doenza, existe *e yàaya!* ('ai, pobre de min!').

Cando o grao de sorpresa roza a estupefacción, podemos optar por *mambu tumona!* ('xa o vin todo!'), forma abreviada de *mambu tomona munza yayi* ('xa o vin todo neste mundo'). Outra posible tradución sería: «non podo crer o que ven os meus ollos!», «non o podo crer!» ou «xa o teño todo visto!». Se o que queremos é transmitir o noso enfado tras unha sorpresa desagradable, temos *e yàaya mono!* ('todo me pasa a min!').

### 3.7.2. Interxeccións de desolación

Se a desesperación é tal que só queda confiar en que a divina Providencia nos axude, dicimos: *nzambi ame!* ('oh, meu Deus!', 'ten piedade de min!').

Tamén é común apelar ao instinto maternal cando nos atopamos nunha situación complicada, con expresións como *ngudi ame!* ('ai, miña nai-ciña!').

Cando perdemos toda esperanza, recorremos á interxección *mpasi za mpamba!* ('tristeza inútil!', 'traballo en van') para expresar o noso desgusto por un asunto que quedou a medias. Presenta a variante *salu kya mpunda!* ('traballo de burros!', 'foi todo a pique!').<sup>2</sup> Vese, pois, como existe un paralelismo entre o burro ou a mula e a idea de que se traballa demasiado e duramente para non obter recompensa. O mesmo acontece con *salu kya fwa!* ('traballo perdido!', 'perdes o tempo, non paga a pena!').

Todos os anteriores son xeitos de trasladar a nosa perplexidade por ver o noso esforzo caer en saco roto, é dicir, que este non dea os seus froitos ou non obter os resultados esperados. O termo *fwa*, que significa 'morte', remite á idea dunha perda irreparable. Nesta mesma liña, atopamos formas como *ngolo mena!* ('que duro!', 'estamos superados polos acontecementos', 'estamos superadas polos acontecementos', 'a situación é crítica'). É unha forma acurtada da expresión *mambu ngolo mena*, que, literalmente, quere dicir 'os problemas son duros'. Con ela, quérese transmitir que non se vai poder facer fronte a unha dificultade, cando non temos forza nin control da situación e empezamos a fraquear.

Para situacións aínda máis extremas, existen alternativas como *mabwidi!* ('acabouse!', 'foi todo a pique!', 'está todo perdido'). *Mabwidi* é a forma curta de *mambu madwidi* ('o problema é superior a min'). Deriva do verbo *bwa* ('caer') e dá a entender que estamos ante unha dificultade que non somos quen de afrontar. Neste caso, o problema é serio; de non selo tanto, empregariamos outras expresións como «caeu en saco roto».

Se quen se atopa coa auga ao pescozo é o outro interlocutor, respondémoslle: *dyambu dyaku!* ('problema teu!', 'síntoo por ti!').

Cando sentimos tal impotencia que só nos queda confiar no destino, podemos optar por *nzambi uzeye* ('Deus proveerá!').

Se alguén excede os nosos límites, empregamos *masukidi* ('suficiente!', 'xa basta!'), do verbo *suka* ('rematar'). Así, facémolles saber que non llo imos tolerar máis, que xa é suficiente. Outra variante para contextos límite, onde a persoa locutora está completamente desbordada, sería *masakidi!* ('xa é suficiente!', 'xa abonda!', 'non o aguanto máis!').

---

<sup>2</sup> N. da T.: A este respecto, cabería puntualizar que, en galego, é máis común a expresión «traballar como unha mula».



Na mesma liña, existen expresións como *mawonso mele muna maza!* ('foise todo polo desaugadoiro!', 'arruinouse todo!'). Neste contexto, é frecuente a idea da auga como algo que leva todo rapidamente e sen retorno. Así mesmo, existe *kotele 'muna' maza!* ('estar coa auga ao pescozo', 'estar fodido, 'estar fodida'). Cando xa non queda nada que rescatar, polo que perdemos toda paciencia ou esperanza, dicimos: *imene!* ('acabouse!', 'basta!')

Por último, se apelamos á benevolencia e piedade de alguén, optamos por fórmulas como *wumfwila nkenda* ('pobre de min!'). Outras máis simples serían: *kyadi* ou *nkenda* ('ten piedade').

### 3.7.3. Interxeccións de alivio

Cando se producen grandes cambios, expresamos o noso alivio tras superar unha situación complicada con expresións como: *yibalukidi!* ('como cambiou a cousa!'). Tamén pode aludir á situación inversa, en sentido negativo.

### 3.7.4. Interxeccións de condena

Adquiren unha connotación negativa e pretenden facerlle saber a alguén que non o recoñecemos nin nas súas palabras nin nas súas accións. É o caso de *makubebele!* ('estás fodida!', 'estás fodido!', 'mírate, estás feita unha merda!', 'mírate, estás feito unha merda!'). Trátase dunha forma conxugada do verbo *beba* ('perder'), para deixar constancia da nosa condena ou reprobación das accións dunha terceira persoa, tanto de xeito individual como colectivo. Outra variante é: *makutadidi!* ('mírate!', 'dás pena!'), é dicir, que actúas pola túa conta e risco. Deste xeito, poñemos en coñecemento do noso individuo interlocutor que reprobamos os asuntos nos que anda metido, facéndolle saber que o mal é para si mesmo e para ninguén máis.

### 3.7.5. Interxeccións de alerta

Ante un imprevisto, cabe empregar expresións como *kana ngi, kana nga* ('como actuar ou que facer en caso de emerxencia?'). Equivale á expresión «máis vale previr que curar». *Ngi* e *nga* son onomatopeas que evocan o son de cravar un pico, e alude ás consecuencias que suceden a un evento. Dáse, en estado de alerta, como interpelación cando acontece un imprevisto ou unha emerxencia para xestionar a situación. Se detectamos un perigo incipiente que incita a tomar precaucións, podemos empregar *na ngi* ('que facer se hai un problema?'). Xorde, de novo, a idea de que máis vale previr que curar. Se temos que afrontar varios problemas, é frecuente recorrer a expresións como «as desgrazas nunca veñen soas». En kikôngò, atopamos alternativas como *mankáka dyaka!* ('outra máis!', 'un problema máis!').

Para evitar falar dun tema que nos incomoda ou dun feito que non queremos que saia a luz, contamos con expresións como *mankáka nkanu* ('litixio', 'verdade prohibida', 'ás veces, é mellor non dicir toda a verdade', 'non hai que esperar a besta'). Cando advertimos que unha verdade oculta está a piques de saír á luz, apelamos á prudencia das outras e outros interlocutores para que non indaguen na ferida e non saquen á luz un tema que xa estaba enterrado e esquecido. Para manter a paz entre dúas persoas, pedimos que non se lle bote máis leña ao lume, que non se esperte a besta.

Se o que queremos é aconsellar a unha persoa que peca de inxenua, advertímoslle: *kala ye ngangu* ('sé intelixente', 'estate atento', 'estate atenta', 'actúa con cabeza'). Adiantándonos ao seu comportamento, confiamos en que así sexa máis prudente e evite unha sorpresa desagradable.

### 3.7.6. Interxeccións de forza ou resiliencia

*Wayá!* ('para!', 'non hai nada que facerlle!') Nun contexto no que se impón a forza, *wayá* é unha fórmula de disuasión entre as dúas partes. É o que se lle di a un dos contrincantes para que desista, dándolle a entender que o mellor é retirarse. Cando dous se disputan o liderado, tamén existe *nkatu!* ('nada!', 'nada que facer!') Neste caso, é o número dous quen reta ao vixente campión para arrebatarlle o seu posto. Dá a entender que corren tempos revoltos. Para retar ao opoñente, emprégase *umvonda!* ('mátame!', 'mátame se podes!').

### 3.7.7. Interxeccións de consolo

Para tranquilizar a alguén, como un xeito de dicirlle que todo sairá ben, empregamos a interxección *na ngwii* ('forza!'). En termos máis materiais, podemos optar por *nzimbu zitómisa* ('o diñeiro vén ben', 'o diñeiro resolve os problemas'). Estas expresións resultan especialmente relevantes cando comparamos unha situación acontecida no pasado cunha actual. É, polo tanto, unha comparación das penurias dun tempo pasado de estreitez en contraposición a un tempo presente acomodado e, polo tanto, marabilloso, coma se non nos faltase de nada e o diñeiro fose a chave da ledicia.

Para apelar, unha vez máis, a un ente superior que escoitou as nosas súplicas e nos deu o que queríamos, existe *nzambi kaka nkwa luzolo* ('bendito sexa Deus', 'grazas a Deus').

## 3.8. Prohibición

Nas obras ou traballos públicos, a fórmula empregada para evitar que traspasen a zona viandantes ou vehículos é *nzila nsiku* ('camiño prohibido', 'sentido cortado'). Para prohibir o paso a calquera persoa allea ás obras, existe un sinal que indica: *nsiku mu kota* ('non pasar', 'prohibido pasar').

### 3.9. Ataque

Ao interactuar socialmente, somos susceptibles de recibir un ataque. A continuación, preséntase unha lista non exhaustiva de expresións empregadas neste contexto, moitas delas, insultos ou palabras fortes que, polo xeral, pretenden menosprezar a outra persoa:

*Nyama angwa aku!* ('animal!', 'fillo de puta!', 'filla de puta!')

*Mbwa angwa aku* ('can!', 'cabrón!', 'cabrona!'). Se ben é certo que os cans tenden a ser amigables e mansos, neste contexto adoptan unha connotación despectiva.

Tamén existe *dya ngwa aku* ('[d]a túa nai!', 'imbécil!'), forma abreviada de *nyama dya ngwaku aku* ('besta', 'fillo da túa nai', 'filla da túa nai') empregada como insulto. É moi frecuente recorrer á figura materna para ferir a sensibilidade do ou da adversaria, xa que se entende que foi a persoa encargada da súa educación desde os seus primeiros días de vida e, polo tanto, será o vivo reflexo da súa nai. Outras formas como *mbwa ankanda* ('can de familia', 'estúpida!', 'estúpido!') empregan a figura do can para humillar o outro. Na mesma liña, atopamos *kanga nwa 'aku* ('cala a [puta] boca!', 'que ladras?'). Aquí, non existen segundos significados. De novo, o verbo 'ladrar' evoca o can. A comparación con animais de xeito denigrante é algo recorrente nos conflitos.

*Katuka kuna!* ('fóra de aquí!', 'larga!') funciona como consello para que o outro dea un paso atrás antes de que empeoren as cousas. Se non lle fai caso, comeza o combate. Se o que queremos é disuadir, optamos por *katuka mbadi!* ('esquécete!', 'déixao estar!', 'fóra bromas!'). Isto dá a entender que ambos os opoñentes están máis calmados e acordan deixalo aí.

*Keba!* (forma abreviada de *keba kwaku* ('atento!', 'atenta!', 'ten coidado!')) emprégase cando queremos previr ou protexer a alguén dun perigo inminente. Tamén pode ser un ultimato que precede ao acto. Se a nosa vontade é manifestar, de forma violenta, desaprobación ou crispación, podemos optar por *tuvi twaku!* ('merda!', 'vai á merda!').

Finalmente, en caso de enfrontamento, temos o frasema *benda bika!* ('tira e afrouxa!', 'chegade ás mans!'). Emprégase cando as dúas persoas están algo alteradas e a piques de empregar a forza física.

### 3.10. Rexeitar ou deixar ir

Cando non tomamos algo en serio ou manifestamos unha total indiferenza respecto a algo que, en circunstancias normais, debería interesarnos, empregamos *ka mantadidi ko!*. Trátase dunha interxección recorrente cando non queremos saber de nada nin de ninguén para a que existen numerosas traducións: 'non é cousa miña', 'non me interesa', 'non quero saber nada', 'dáme igual', 'tanto dá', 'tanto ten'.

Se a nosa vontade é falar sen preámbulos, ir directamente ao asunto, dicimos: *te vambana* ('vai ao gran', 'non te vaias polas ramas'). Nesta expresión, atopamos dous verbos: *ta* ('dicir') e *vambana* ('deixar', 'marchar'). Emprégase en contextos onde, dada a natureza do asunto, impera a brevidade. O bo, se breve, dúas veces bo.

Co mesmo matiz, atopamos a expresión *tetele mwe* ('dío antes de que nos dispersemos', 'as palabras voan'). Atopamos, unha vez máis, a idea da palabra. Se sumamos variantes como *abu mpya* ('acabouse o que se daba', 'ata aquí'), vemos como transmite a idea de que, unha vez dito todo o que se tiña que dicir, non hai máis motivos para permanecer reunidos ou reunidas. En realidade, esta última expresión transmite a idea de que non hai nada máis que dicir ou facer, de que, cando facemos algo, non hai volta atrás, a sorte está botada.

### 3.11. Toma de contacto

Expresións como *kyese mu kuzaya ngeye!* ('un pracer verte de novo!', 'encantado [de coñecerte]!', 'encantada [de coñecerte]!') son usuais cando coñecemos a alguén por primeira vez. Trátase dunha fórmula de cortesía para romper o xeo co noso interlocutor. Tamén existe *yambí* ('saúdos', 'apertas'), procedente do verbo *yamba* ('abrazar'), do que deriva o lexema *yambi* ('aperta'), empregado cando dúas ou máis persoas volven verse despois dun tempo e a súa primeira reacción é abrazarse. Tamén se emprega con outras mostras de agarimo, como bicos ou aloumiños.

### 3.12. Despedida ou ausencia

Para despedirnos de alguén a quen temos pensado volver ver, dicimos: *yoyo* ('adeus', 'chao', 'abur'). É a expresión por antonomasia para despedirse dunha persoa, tanto se marcha coma se se pide un permiso de ausencia durante un período de tempo prolongado. Se, chegado o momento, queremos transmitirle o noso desexo de vela pronto, dicimos *tumonane kueto!* ('vémonos!', 'ata pronto!', 'ata dentro duns días!', 'que vaia ben!').

Así mesmo, atopamos variantes como *katumonana dyaka ko!* ('vémonos pronto!', 'adeus!'). É unha fórmula que serve para despedirnos de alguén a quen non veremos nun período de tempo longo ou incluso que non volveremos ver. En sentido figurado, a expresión fai referencia á idea de verse despois de Deus; é dicir, no ceo ou «aí enriba», por contraposición á terra. Esta expresión emprégase nun contexto onde a separación é definitiva ou se estamos atravesando un proceso de dó.

Para aqueles casos onde impere a necesidade de marchar dun lugar, contamos con *ntangu yifwene* ('non foi sen tempo', 'xa era hora!'). Deste xeito, estamos suxeríndolle a outro interlocutor, de xeito educado, que se vaia despedindo. Tamén se pode dar o caso de que unha situación, tal e como a coñecemos, estea a piques de cambiar.

Para despedirse dun interlocutor a quen temos previsto ver de novo pronto, existe a forma *lumbu kya nkaka* ('ata outro día', 'ata a próxima!').

Se, noutra orde de cousas, o noso interlocutor xa se atopa na súa casa ou ten pensado permanecer no sitio que nese intre compartimos, son máis comúns formas como: *toma sala* ('que descanses', 'abur') ou o seu plural *lutoma sala* ('que descansedes', 'abur'). Tamén existen variantes como *sala kya mbote* ('descansa', 'adeus') ou, en plural, *lusala kya mbote* ('descansade', 'adeus'). Tamén aquí a persoa convidada é quen se dirixe a quen a convidou. O normal é que esta faga o mesmo de volta, desexándolle unha boa viaxe de volta á viaxeira con formas como *toma kwenda* ('que vaia ben', 'boa viaxe').

### 3.13. Cumprimentos

Se buscamos exclamacións que funcionen como cumprimentos ou eloxios, podemos optar por: *toma zinga* ('longa vida [para ti]!'); en plural, *lutoma zinga* ('longa vida [para vós]!'). Diríxense a alguén a quen lle temos aprecio e, polo tanto, a quen lle desexamos unha longa e próspera vida.

*Oye!* ('viva!') emprégase en momentos de euforia, é o grito que empregamos para desexarlle a alguén lonxevidade ou prosperidade, pero tamén a nosa admiración, ou incluso para trasladarlle a nosa aprobación. Se a amosamos con aclamacións ou aplausos, exclamamos: *nkwas!*

*Lusika moko* ou *lubula moko* fan alusión ao movemento de chocar ou xuntar as mans cando aplaudimos. De aí o lexema *moko* ('mans') e os verbos *sika* ('xuntar') ou *bula* ('chocar'). Ten o significado de 'aplausos!', 'aplaudide!', 'bravo!'

Se o que queremos é parabenizar a alguén a quen lle acaba de acontecer algo positivo, exclamamos: *lungonya* ('bravo!', 'parabéns!'). Outro equivalente semántico sería: *dya kamu* ('parabéns', 'bravo!').

Finalmente, os cumprimentos tamén poder ter como obxectivo reconfortar a alguén. De ser o caso, contamos con expresións como *nkenda zame* ('síntoo [moito]'), que tamén serve para dar o pésame ou acompañar no sentimento a alguén que está atravesando un mal momento.

## 4. Conclusións

A problemática coa que nos atopabamos ao comezo desta pescuda era a de entender o funcionamento dos pragmatemas en kikôngò, así como a súa estrutura. Tras analizar os datos obtidos, podemos comprobar que os contextos de uso destes pragmatemas en kikôngò son múltiples e diversos. Neste artigo, os pragmatemas descritos son aqueles relacionados cos saúdos, desexos, excusas, ordes, súplicas, interxeccións, prohibicións

ou confrontacións. Formas de rexeitar, de toma de contacto, de despedida e para lanzar cumprimentos. Puidemos constatar que as interxeccións foron os termos que máis ramificacións presentan. En termos de funcionamento, os pragmatemas en kíkôngò poden clasificarse da seguinte maneira:

- O 50 % dos pragmatemas preséntanse como formas verbais.
- O 30 % dos pragmatemas abrangue locucións verbais, nominais, adxectivas, pronominais, preposicionais e, sobre todo, interxectivas.
- O 20 % dos pragmatemas restantes son deverbais e termos simples.

Xeralmente, os pragmatemas verbais presentan unha forma interrogativa ou imperativa. Cando funcionan como interrogación, os verbos empréganse na súa forma de pasado, para destacar a anterioridade da acción sobre o momento de fala, como é o caso de: *osikamena?* ('espertaches?', 'bo día') ou *widi* ('entendiches?', 'entendido!'). Os verbos atoparanse en segunda persoa do singular ou do plural en función do número de persoas ás que nos dirixamos. Cando funcionan como imperativos, os verbos están en tempo presente, ás veces, acompañados dun auxiliar: *sasuka* ('recupérate', 'pronta recuperación'); *toma leka* ('que durmas ben', 'que descanses').

Así mesmo, atopamos pragmatemas en forma de locucións adverbiais, nominais e interxectivas, como: *lubula moko* ('chocar as mans', 'aplausos'); *salu kya fwa* ('traballo de burros', 'vaia perda de tempo'). Finalmente, existen pragmatemas que son esencialmente deverbativos, como *matondo de tonda*, *dodokolo de dodokela* e substantivos simples, como *pii* ('silencio'), *nkenda* ('pena') ou *yoyo* ('adeus').

No tanxente á estrutura, os pragmatemas en kíkôngò presentan as seguintes características:

- (a) O 25 % dos pragmatemas son unidades monolexicais, como *matondo* ('grazas') ou *oye* ('viva!').
- (b) Outro 25 % correspóndese con unidades polilexicais, como *salu kya fwa* ('vaia perda de tempo') ou *lumbu nkya nkaka* ('ata a próxima vez').
- (c) O 50% restante está formado por unidades frásticas, como é o caso de *katumonana dyaka ko* ('adeus') ou *ntangu yifwene* ('xa era hora').

Este artigo permitiunos comprender, desde unha perspectiva global, tanto o funcionamento como a estrutura dos principais pragmatemas empregados en kíkôngò. Isto confirma a riqueza e diversidade do kíkôngò respecto doutras linguas. Malia isto, recoñecemos que aínda cabería a posibilidade de describir estes pragmatemas mediante unha investigación máis exhaustiva. Esperamos que vindeiras pescudas permitan levar a cabo un estudo comparativo ou contrastivo dos pragmatemas presentes en kíkôngò, así como doutras linguas que buscan establecer converxencias e diverxencias existenciais.

## Apéndice. Glosario

### 1. Pragmatemas

- *Abu mpya* ('acabouse o que se daba', 'ata aquí')
- *Benda bika!* ('tira e afrouxa!', 'chegade ás mans!')
- *Dibaku dya mbi* ('que mala pata', 'que mala sorte!')
- *Dibaku dya mbote* ('a empezar con bo pé', 'que saia todo ben', 'que teñas boa sorte')
- *Dodokolo* ('perdón, desculpa', 'perdón, desculpade')
- *Dya kamu* ('parabéns', 'bravo!')
- *Dyambu dyaku!* ('problema teu!', 'síntoo por ti!')
- *Dya ngwa aku* ('[d]a túa nai!', 'imbécil!')
- *E ko mono!* ('pobre de min!', 'que mala sorte a miña!')
- *E mbadi!* ('vaia', 'ai, 'pobre de min!')
- *E yàaya mono!* ('todo me pasa a min!')
- *E yàaya!* ('ai, pobre de min!')
- *Imene!* ('acabouse!', 'basta!')
- *Ka mantadidi ko!* ('non é cousa miña', 'non me interesa', 'non quero saber nada', 'dáme igual', 'tanto dá', 'tanto ten')
- *Kala na pii* ('está calado', 'está calada', 'silencio!')
- *Kala ye ngangu* ('sé intelixente', 'está atento', 'está atenta', 'actúa con cabeza')
- *Kana ngi, kana nga* ('como actuar ou que facer en caso de emerxencia?')
- *Kanga nwa 'aku'* ('cala a [puta] boca!', 'que ladras?')
- *Katuka kuna!* ('fôra de aquí!', 'larga!')
- *Katuka mbadi!* ('esquéceo!', 'déixao estar!', 'fôra bromas!')
- *Katumonana dyaka ko!* ('vémonos pronto!', 'adeus!')
- *Keba kwaku* ('atenta!', 'atento!', 'ten coidado!')
- *Kotele 'muna' maza!* ('estar coa auga ao pescozo', 'estar fodido', 'estar fodida')
- *Kyadi* ('ten piedade')
- *Kyese mu kuzaya ngeye!* ('un pracer verte de novo!', 'encantado [de coñecerte]!', 'encantada [de coñecerte]!')
- *Lubula moko* ('chocar as mans', 'aplausos')
- *Lukala na pii* ('estade calados', 'estade caladas', 'silencio!')
- *Lumbu kya nkaka* ('ata outro día', 'ata a próxima!')
- *Lungonya* ('bravo!', 'parabéns!')
- *Lusadisu* ('axuda!', 'socorro!')
- *Lusala kya mbote* ('descansade', 'adeus')
- *Lusasuka* ('recupérate ben', 'que teñas una pronta recuperación')
- *Lusasuka nswalu* ('recupérate axiña', 'que teñas una pronta recuperación')
- *Lusika moko* ('aplausos!', 'aplaudide!', 'bravo!')
- *Lutoma sala* ('que descansedes', 'abur')
- *Lutoma sasuka* ('recuperádevos axiña', 'que teñades unha pronta recuperación')
- *Lutoma zinga* ('longa vida [para vós]!')

- *Mabwidi!* (‘acabouse!’, ‘foi todo a pique!’, ‘está todo perdido’)
- *Makubebele!* (‘estás fodido!’, ‘estás fodida!’, ‘mírate, estás feita unha merda!’, ‘mírate, estás feito unha merda!’)
- *Makutadidi!* (‘mírate!’, ‘dás pena!’)
- *Mambu tumona!* (‘xa o vin todo!’)
- *Mankáka dyaka!* (‘outra máis!’, ‘un problema máis!’, ‘as desgrazas nunca veñen soas’)
- *Mankáka nkanu* (‘litixio’, ‘verdade prohibida’, ‘ás veces, é mellor non dicir toda a verdade’, ‘non hai que espertar a besta’)
- *Masakidi!* (‘xa é suficiente!’, ‘xa abonda!’, ‘non o aguanto máis!’)
- *Masukidi* (‘suficiente!’, ‘xa basta!’)
- *Mawonso mele muna maza!* (‘foise todo polo desaugadoiro!’, ‘arruinouse todo!’)
- *Mbwa angwa aku* (‘can!’, ‘cabrón!’)
- *Mbwa ankanda* (‘can de familia’, ‘estúpido!’, ‘estúpida!’)
- *Mfwidi* (‘vou morrer!’, ‘axuda!’)
- *Mpasi za mpamba!* (‘tristeza inútil!’, ‘traballo en van’)
- *Na ngi* (‘como actuar ou que facer en caso de emerxencia?’)
- *Na ngwii* (‘forza!’)
- *Nda wenda!* (‘veña, vamos!’, ‘imos!’)
- *Ndolo kweto!* (‘veña, vamos!’, ‘imos!’)
- *Ngolo mena!* (‘que duro!’, ‘estamos superados polos acontecementos’, ‘estamos superadas polos acontecementos’, ‘a situación é crítica’)
- *Ngudi ame!* (‘ai, miña naiçña!’)
- *Nkatu!* (‘nada!’, ‘nada que facer!’)
- *Nkenda* (‘piedade’)
- *Nkenda zame!* (‘o meu máis sincero pésame’)
- *Nkwasa* (‘aplausos’)
- *Nkya nsangu?* (‘que hai de novo?’, ‘como estás?’, ‘novidades?’)
- *Nsiku mu kota* (‘non pasar’, ‘prohibido pasar’)
- *Ntangu yifwene* (‘non foi sen tempo’, ‘xa era hora!’)
- *Ntomene fyawuka* (‘estouche [moi] agradecido’, ‘estouche [moi] agradecida’, ‘grazas’)
- *Nyama angwa aku!* (‘animal!’, ‘fillo de puta!’, ‘filla de puta!’)
- *Nzambi ame!* (‘oh, meu Deus!’, ‘ten piedade de min!’)
- *Nzambi kaka nkwa luzolo* (‘bendito sexa Deus’, ‘grazas a Deus’).
- *Nzambi uzeye* (‘Deus proveerá!’)
- *Nzila nsiku* (‘camiño prohibido’, ‘sentido cortado’)
- *Nzumbu zitómisa* (‘o diñeiro vén ben’, ‘o diñeiro resolve os problemas’)
- *Oye!* (‘viva!’)
- *Pii!* (‘cala!’, ‘silencio’)
- *Salu kya fwa!* (‘traballo perdido!’, ‘perdes o tempo, non paga a pena!’)
- *Sala kya mbote* (‘descansa’, ‘adeus’)



- *Salu kya mpunda!* ('traballo de burros!', 'foi todo a pique!')
- *Sasuka* ('recupérate axiña', 'que teñas una pronta recuperación')
- *Sasuka nswalu* ('recupérate axiña', 'que teñas una pronta recuperación')
- *Te dyambote!* ('que aproveite!')
- *Te vambana* ('vai ao gran', 'non te vaias polas ramas')
- *Tetele mwe* ('dío antes de que nos dispersemos', 'as palabras voan')
- *Toma kwenda* ('que vaia ben', 'boa viaxe')
- *Toma sala* ('que descanses', 'abur')
- *Toma sasuka* ('recupérate axiña', 'que teñas una pronta recuperación')
- *Toma zinga* ('longa vida [para ti]!')
- *Tumonane kueto!* ('vémonos!', 'ata pronto!', 'ata dentro duns días!', 'que vaia ben!')
- *Tuvi twaku!* ('merda!', 'vai á merda!')
- *Umvonda!* ('mátame!', 'mátame se podes!')
- *Waya!* ('para!', 'non hai nada que facerlle!')
- *Widi?* ('entendiches?', 'de acordo?')
- *Wumfwila nkenda* ('pobre de min!')
- *Wundemvukila* ('ten piedade de min!', 'descúlpame!')
- *Wunsadisa* ('axuda!')
- *Wunsila nlemvo* ('faima o favor', 'perdoame!')
- *Yambí* ('saúdos', 'apertas')
- *Yibalukidi!* ('como cambiou a cousa!')
- *Yoyo* ('adeus', 'chao', 'abur')

## 2. Expresións frecuentes

As principais expresións de saúdo son:

- *Aweyi?* ('que, como estás?')
- *Kolele?* ('estás en forma?', 'como estás?')
- *Kyambote* ('ben', 'ola')
- *Lukolele?* ('estades en forma?', 'como estades?')
- *Luna kyambote?* ('como estades?', 'estades ben?')
- *Lutomene syama?* ('atopádesvos ben?', 'como estades?')
- *Mavimpi?* ('saúdos', 'ola')
- *Nkya nsangu?* ('que hai de novo?', 'como estás?', 'novidades?')
- *Ovimpi?* ('como vas de saúde?', 'como te atopas?')
- *Tomene syama?* ('atópaste ben?', 'como estás?')
- *Una kyambote?* ('como estás?', 'estás ben?')

## 5. Bibliografía

- Blanco, X. (2013a). Les pragmatèmes : définition, typologie et traitement lexicographique. *Verbum*, 4, 17–25. <https://doi.org/10.15388/Verb.2013.4.4977>
- Blanco, X. (2013b). Équivalents de traduction pour les pragmatèmes dans la lexicographie bilingue Français-Espagnol. *Lexicographica*, 29(1).
- Dereau, L. (1957). *Lexique kikongò-français, français-kikongò, d'après le dictionnaire de K. E. Laman*. A. Wesmael-Charlier.
- González Martín, C. (2020). Traitement lexicographique des pragmatèmes. En V. Arigne, S. Pech-Pelletier, C. Rocq-Migette, J. F. Sablayrolles (Dir.), *Études lexicales. Mélanges offerts à Ariane Desporte* (pp. 115–125). Université Sorbonne Paris Nord.
- González-Rey, M. I. (2023). Référenciation et référentialité dans les pragmatèmes. En S. Palma, A. Theissen (Eds.), *Polysémie et référence* (pp. 57–80). ÉPURE - Éditions et Presses universitaires de Reims.
- Laman, K. E. (1936). *Dictionnaire Kikongò-Français avec une étude phonétique décrivant les dialectes les plus importants de la langue dite kikongò*. (Vol. I e II). Institut Royal Colonial Belge.
- Mel'čuk, I. (1997). *Vers une linguistique Sens-Texte*. Leçon inaugurale (10 janvier 1997), Collège de France, Chaire internationale.
- Mel'čuk, I. (2008). *Phraséologie dans la langue et dans le dictionnaire*. Repères & Applications (VI), XXIV Journées Pédagogiques sur l'Enseignement du Français en Espagne, Barcelone, 3-5 Septembre 2007.
- Mel'čuk, I. (2011). *Tout ce que nous voulions savoir sur les phrasèmes, mais...* Observatoire de linguistique sens-texte, Université de Montréal
- Mel'čuk, I. (2013). *Tout ce que nous voulions savoir sur les phrasèmes, mais...* *Cahiers de lexicologie. Revue internationale de lexicologie et lexicographie* 102, 129-149.
- Ndonga, M. (2011). Le kikôngò. En E. Bonvini, J. Busuttill, A. Peyraube (Dir.), *Dictionnaire des langues* (pp. 167–175). PUF.